

O MEU VECIÑO TOTORO

[Hayao Miyazaki, 1988]

470

ESTREA EN NUMAX: 04.01.2019 | V.O.S.E. | TP

Tonari no Totoro (1988, 86')

Dirección: Hayao Miyazaki

Guión: Hayao Miyazaki

Montaxe: Takeshi Seyama

Dirección de arte: Kazuo Oga

Son: Shuji Inoue

Música: Joe Hisaishi

Produtora: Studio Ghibli (Xapón)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Xaponés

PREMIOS E FESTIVAIS

Kinema Jumbo 1989 (Mellor filme)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El viento se levanta, 2013

Ponyo en el acantilado, 2008

El castillo ambulante, 2004

El viaje de Chihiro, 2001

La princesa Mononoke, 1997

Porco Rosso, 1992

El castillo en el cielo, 1986

SINOPSE

Nos anos 50, unha familia xaponesa trasládase ao campo. As dúas fillas, Satsuki e Mei, traban amizade con Totoro, un espírito do bosque. O pai é un profesor universitario que estimula a imaxinación das súas fillas relatándolles fábulas e historias máxicas sobre trasgos, pantasmas e espíritos protectores dos fogares, mentres a nai se encontra enferma no hospital.

“Encontro máxico e inesquecível entre a infancia e a natureza”

TÉLÉRAMA



O MEU VECIÑO TOTORO

[Hayao Miyazaki, 1988]

“Non prestamos suficiente atención ao ordinario”

Entrevista con Hayao Miyazaki

Por Noriaki Ikeda

En que época está ambientado *O meu veciño Totoro*? Nun tempo no que non había televisión. Ao comezo pensei en incluír unha emisión radiofónica antiga pero logo pensei que iso sería algo pretencioso e decidín eliminar esta caste de detalles. As precisións históricas están ben para filmes como *La tumba de las luciérnagas* (Isao Takahata, 1988) pero non eran tan necesarias n'*O meu veciño Totoro*.

A banda deseñada de Shigeru Sugiura garabateada no caderno de Kanta pode ser o único indicio de época? Esa idea veu de Masako Shinohara, encargada persoalmente dos deseños orixinais. Quen os recoñeza debe ter xa unha idade [risas].

En que lugares te inspiraches para a recreación do espazo? Realmente inspireme en lugares moi diversos. Por exemplo mesturei os arredores do estudio Nippon, en Seiseki Sakuragaoka, as beiras do río Kandagawa cuxas augas vía correr na miña infancia, a paisaxe de Tokorozawa, a cidade na que vivo arestora... Ademais Kazuo Oga, director artístico, é da rexión de Akita, e hai algo destes lugares. O caso é que non parte dun espazo concreto. Oga é moi observador e o equipo artístico traballou arreo. Debuxar correctamente cada herba é moi difícil.

Para que pareza que medran cada unha ao seu xeito? Si, mesmo as malas herbas se as debuxamos unha a unha, son fermosas. Non prestamos suficiente atención ao ordinario. Eu aínda hoxe me divirto ao asubiar cunha herba. O contacto coa natureza dános a impresión de vivirmos libres e con coraxe. Por iso amo as herbas. Tamén lembro de pequeno xogar no interior do tronco dunha enorme árbore, un alcanforeiro de forma irregular e doado de escalar. Nalgún xeito iso aparece n'*O meu veciño Totoro* aínda que a árbore do filme baséase nunha que hai na universidade de Tokio (...). Decateime de que me encantan as árbores do meu país. Na miña primeira viaxe ao estranxeiro, en Suecia, as árbores parecéronme fermosas pero monótonas. Un día, no medio da semana, estaba só e comecei a camiñar ao chou polo parque Shakujii-Koen, no norte de Tokio. Non había ninguén e pareceume fermosísimo. Xapón é un lugar moi bonito cando non hai ninguén [Risas]. Se Xapón se atopa tan degradado é por causa do aumento da poboación. Lembro de pequeno non comprender os contos dos irmáns Grimm no interior das árbores porque, en Xapón, habería insectos por todas partes. Para min os insectos, as árbores e as plantas forman parte da natureza. Cando o comprendín sentime verdadeiramente xaponés, nunca me interesei moito pola nosa historia, pero na relación coa natureza hai algo particular.

Totoro fica sempre na parte máis sombría do bosque. Trátase dunha criatura nocturna? Hai unha forma de pensar occidental que opón a escuridade,

símbolo do mal, á luz, símbolo do ben. Eu non estou de acordo con este dualismo que reducía o mundo, cando realicei o filme, a EEUU e a Unión Soviética. En todo caso en Xapón os deuses prefiren a escuridade. Aparecen á luz de cando en cando, mais recóllense nos bosques máis afastados ou nas montañas. Na rexión de Okinawa hai unha sorte de templo moi primitivo formado por unha árbore e unha rocha ao pé dos cales hai unha pequena casa, situada sempre nas tebras. Pode dar algo de medo pero para os xaponeses ese sentimento dá lugar ao respecto que temos polos bosques, as relixións primitivas e o animismo. A natureza é un caos que nos obriga a pensar que pode haber outra cousa. Se nos adentramos nun bosque pouco frecuentado sentiremos algo, mesmo se estamos habituados a vivir nas montañas. Eu non creo necesariamente no sobrenatural pero penso que o mundo non lle pertence unicamente ao ser humano. Ou cando menos os bosques non poden ser protexidos unicamente polos humanos. Esta escuridade está ligada á que se encontra no fondo de min, e non podo deixar de pensar que se oculto esta parte escura, a outra vai tamén desaparecer e a miña existencia perderá sentido. Esa é a razón pola que nunca entro no templo celebrar o Aninovo, porque non creo que os deuses se atopen nos templos dourados. Os deuses xaponeses deben atoparse nalgunha parte das montañas [risas].

Publicado en buta-connection.net
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El viaje de Chihiro (Special Box),

Hayao Miyazaki. Vértigo [BR + DVD]

El viento se levanta, Hayao Miyazaki.

Vértigo [BR + DVD]

Porco Rosso (edición especial), Hayao Miyazaki.

Ghibli [BR + DVD]

Ponyo en el acantilado, Hayao Miyazaki.

Ghibli [BR + DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faito NUMAX!
Abónatelo agora e ven sempre por